

A linguaxe como medio de violencia simbólica no deporte

López-Villar, Cristina; Pérez, Andrea; Diéguez, Noelia; Castro, Marina; Carballo, Lara e Campaña, Fátima

cristina.lopezv@udc.es

Grupo de Estudos de Xénero, Actividade Física e Deporte. Universidade de A Coruña

RESUMO. En todas as sociedades machistas a linguaxe ten un papel fundamental na discriminación das mulleres, configurándose como un instrumento de dominación e lexitimador da violencia simbólica.

O obxectivo deste estudo foi analizar se as estudantes de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña reciben frases ao longo da súa carreira deportiva que reflicten a dominación e reprodución dun modelo social discriminatorio.

A metodoloxía empregada inscríbese baixo o paradigma cualitativo e feminista, facendo uso da análise de contido como técnica de investigación. Para a recompilación de datos empregouse unha ficha de rexistro anecdótico que se aplicou a corenta alumnas e un grupo de discusión con cinco estudantes.

Os resultados permítenos concluir que a linguaxe é un medio máis de violencia simbólica no deporte, que perpetúa un sistema de dominación masculina a través da transmisión dunha visión de inferioridade das mulleres, que menospreza a súa práctica e establece como ideal o deporte masculino. Non se acepta que unha muller poida ser superior a un home en situacións deportivas mixtas e danse casos nos que, a través da linguaxe, se chega a incitar á violencia física e sexual.

1. – O deporte e a violencia sobre as mulleres

Existen suficientes evidencias científicas que demostran a relación entre o deporte e a violencia sobre as mulleres desde diferentes perspectivas. Un exemplo é o incremento da violencia física directa sobre as mulleres durante a celebración de grandes espectáculos deportivos ou o tráfico de mulleres para prostituíse con motivo destes grandes eventos (Hennig et al. 2006; The Future Group, 2007).

Un número importante de investigacións, a maioría realizadas en EE.UU e Canadá, suxire que os atletas homes teñen máis afinidade por cometer actos de violencia sexual contra as mulleres

en Martín Lucas, Belén: *Violencias (In)visibles: intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal*, Icaria, Barcelona.69-89.

Rosende Pérez, Aida (2010). "Representar la violencia/ violentar la representación: cuerpos (in) visibles en la obra de artistas irlandesas contemporáneas", en Martín Lucas, Belén: *Violencias (In)visibles: intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal*, Icaria, Barcelona.197-218.

Salgado, Daniel (2008). "María Reimóndez acusa a una editorial de 'traducción sexista'". El País, 2 abril. http://www.elpais.com/articulo/Galicia/Maria/Reimondez/acusa/editorial/traduccion/sexista/elpepiatgal/20080402elpgal_18/Tes. Consultado 15/07/14.

Suárez Briones, Beatriz. "Empoderamento é poder-con e poder-para, nunca poder-sobre". *Sermos Galiza*, 19 de xullo de 2014. <http://www.sermosgaliza.com/opinion/beatriz-suarez-briones/empoderamento-poder-con-poder-para-nunca-poder-sobre/20140718003206029244.html>. Consultado 23/07/14.

Swiss, Shana and Joan E. Giller (1993). "Rape as a Crime of War. A Medical Perspective", *Journal of the American Medical Association* Vol. 270 no. 5, 612-615.

Varela, Nuria (2005). *Feminismo para principiantes*. Ediciones B, Barcelona.

que outros homes (Smith e Stewart, 2003; Flood e Dyson, 2007). Documentáronse casos de agresión física, violación e agresión sexual realizados por deportistas de diferentes niveis (Fagan, 1993; Jasinski, 2001; Waterhouse-Watson, 2007; 2009; 2010). Os homes que participan en deportes de contacto e deportes de equipo teñen máis posibilidades de cometer actos de violencia contra mulleres (Benedict e Klein, 1997; Kirby e Winthrop, 2002; Safai, 2002). Os datos de acoso sexual no deporte oscilan desde o 19 % de presenza nos EE.UU. (Volkwein, Schnell, Sherwood, e Livezey, 1997), até o 45 % na República Checa (Fasting e Knorre, 2005). No caso de España, non existe aínda suficiente investigación ao respecto, de feito só un estudo recente realizado con estudantes de Ciencias do Deporte demostra a existencia de situacións de acoso no deporte catalán (Martín e Juncà, 2014).

Diferentes autores e autoras atoparon que os deportes de equipo animan a unha forma hexemónica de masculinidade que inclúe comportamentos sexistas e misóxinos cara as mulleres (Messner, 1992; Messner e Sabo, 1994; Connell, 1995; Wheaton, 2000; Anderson, 2005; Messner, 2002; Muir e Seitz, 2004, Palmer, 2007, 2009). Pero Crosset (2002) pide precaución ante estes argumentos, indicando que os elementos de violencia varían moito duns deportes a outros. Nelson's (1994) considera o fútbol como o "bastión do sexismo misóxino" en comparación con outros deportes, explica que os adestradores de certos deportes motivan aos seus xogadores chamándolles "nenas" ou que non sexan "sissies", e que esta mesma linguaxe emprégase para ridiculizar aos rivais. Recolle tamén cancións das chamadas *rugby songs* que se cantan no terceiro tempo de rugby¹, onde aparece a violencia cara as mulleres e se fala das mulleres con linguaxe degradante.

2. – A violencia simbólica

Lamentablemente na nosa sociedade temos acotío exemplos de violencia machista que son fáciles de identificar, dado que se inscriben dentro da violencia física e chegan a ter consecuencias de gran visibilidade nos medios de comunicación. Pero a violencia machista ten formas máis sofisticadas de exercerse e en moitos casos convivimos con elas de forma habitual, sen que moitas persoas sexan capaces de identificalas, asumíndoas como algo normal.

Bourdieu (1971, 1977) argumenta que os sistemas simbólicos son instrumentos de comunicación e de dominación, que fan posible o consenso lóxico e moral ao mesmo tempo que contribúen á reprodución da orde social.

O poder simbólico emprega a violencia simbólica. É un poder lexitimador que suscita o consenso tanto dos dominadores como dos dominados, "un poder que constrúe mundo" en canto supón a capacidade de impor a visión lexitima do mundo social e das súas divisións (Bourdieu, 1987) e contribúe á reprodución interxeneracional de acordos sociais desigualitarios.

Aínda que é Bourdieu (1971) o que fala do termo violencia simbólica, Simone de Beauvoir

¹ Tras un partido de rugby os equipos xúntanse nun bar para beber e ás veces comer e cantar.

(1949), no seu libro *El segundo sexo*, xa analizaba as relacións entre homes e mulleres como estruturas de poder entre dominadores e dominados, dicindo que o opresor non sería tan forte se non tivese cómplices entre os propios oprimidos.

Partindo da definición deste autor e as ideas desta autora, entendemos que en todas as sociedades machistas a linguaxe ten un papel fundamental para manter a discriminación das mulleres, por tratarse do vehículo transmisor da ideoloxía da superioridade masculina, e polo tanto, una forma máis para perpetuar un sistema de desigualdade. Como comenta Bengoechea (2006), case ninguén nega que ao longo da historia das sociedades patriarcais (de todas elas) a posición inferior feminina reflectiuse na linguaxe usada para nomealas. O que as veces parece máis difícil de aceptar é que a través desa forma degradada de referirse a elas constitúense e continúanse as desigualdades entre mulleres e homes.

3. – Estudo

Partindo dos presupostos anteriores e baixo a concepción do que para Bourdieu é a violencia simbólica, achegámonos ao deporte, lugar onde a socialización das mulleres se realiza a través de estruturas androcéntricas: modelos masculinos como referentes únicos e asumindo a inferioridade como normalidade. Salvo para os deportes exclusivamente femininos, onde, a pesar de non existir o home como modelo, tamén existe un modelo de feminidade que normalmente constitúe o ideal da visión masculina tradicional.

A través das mulleres deportistas tentamos coñecer se a linguaxe podía constituír un medio de violencia simbólica para perpetuar a discriminación das mulleres no deporte, lexitimando o estatus superior dos homes sobre as mulleres.

4. – Metodoloxía

A mostra estivo formada por alumnas da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade de A Coruña e para recoller os datos realizouse un grupo de discusión formado por cinco alumnas e dirixido pola investigadora principal. Utilizouse tamén unha ficha de rexistro anecdótico que se pasou de forma aleatoria a corenta alumnas da Facultade durante dúas semanas do mes de maio. Para o tratamento dos datos realizouse unha análise de contido seguindo un modelo de desenvolvemento de categorías indutivas.

5. – Resultados

Os resultados mostran que non existe un perfil único das persoas que utilizan unha linguaxe machista para relacionarse con deportistas. Poden ser familiares, adestradores, profesores, compañeiros ou compañeiras de equipo, persoas con cargos nas federacións, médicos, compañeiros de clase, xogadores de equipos rivais, espectadores e espectadoras, conserxes de

instalacións deportivas ou incluso profesores de distintos niveis e compañeiros da carreira. Tampouco existe un xénero en concreto, aínda que na maior parte dos casos son emitidas por homes. As rapazas que reciben máis frases machistas son as que practican deportes considerados tradicionalmente masculinos, como o caso do fútbol.

As categorías elaboradas a partir dos discursos foron: desprezo pola práctica deportiva feminina; masculinidade ameazada; o home como modelo; as mulleres, o sexo débil; discursos domesticación; cuestionando a feminidade; incitación á violencia física e connotación sexual. Presentamos a continuación parte dos resultados.

A visión androcéntrica, “o home como modelo” ideal de práctica, está presente constantemente nos discursos.

“Mira dos chicos corriendo a cámara lenta” (compañeiro da Facultade).

“No hay comparación del juego masculino al femenino, este último no es espectacular” (espectador partido fútbol feminino).

As rapazas chegan a percibir como alago o feito de que se lles diga que xogan “como un home”.

“Un comentario que no es positivo, porque es machista pero un compañero de aquí de la facultad me dijo una vez que jugaba como un chico, obviamente eso es negativo, te dicen juegas como un chico, soy una chica sabes? Pero cuando te dicen en el mundo del baloncesto juegas como un chico se supone que... eres mejor que otras chicas, sí que las chicas. Entonces aunque el comentario es negativo, como que te alagan de esa forma ¿Y por qué me siento alagada? Porque la mayoría de la sociedad piensa que jugar como un chico es jugar bien. Y realmente no es así.” (MA, alumna facultade, 20 anos).

As rapazas reciben mensaxes que mostran un claro “desprezo pola práctica deportiva feminina” desde idades moi temperás:

“Papá, pero las chicas no pueden jugar” (neno, 4 anos).

“Mamá, temos unha nena no equipo, vaia merda” (nenos, 7 anos).

Lamentablemente algúns educadores participan desta visión, o que nos parece un problema moi grave, sobre todo ao falar de profesionais relacionados co ámbito deportivo que deberían colaborar para acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres:

“Las chicas en el fútbol estorbáis” (profesor de educación física, 3º ESO)

“Las chicas no quereis jugar porque sois muy malas” (profesor C. Facultade).

Este desprezo tradúcese tamén en utilizar palabras como “marimacho”, “macholo”, “machola” e semellantes para cualificar a aquelas rapazas que practican deportes considerados tradicionalmente masculinos, que realizan actividades de forza ou que teñen un corpo musculado que se distancia do modelo hexemónico. É o que categorizamos como “cuestionando a feminidade”:

“Pareces una marimacho jugando al fútbol” (irmá dunha xogadora).

“Tienes brazos de hombre” (nai dunha nadadora de 19 anos).

Incluso chégase a considerar masculina ás rapazas que deciden estudar carreiras relacionadas co deporte: *“Eso que quieres hacer es de chicos y marimachos”* (tía dunha rapaza que con 18 anos decide estudar o grao en Ciencias do Deporte).

Rematando as propias deportistas por asumir os discursos e limitando a súa práctica: *“No hago pesas para no parecer un hombre”* (xogadora de baloncesto).

O máis grave destas mensaxes é que poden levar ao abandono da práctica cando existe moita presión social:

“Desde pequeña siempre xoguei ao fútbol cos chicos e á hora de estar con eles sempre tiven máis relación con eles e as nenas facían comentarios, que aos dez anos non sentan ben. De feito deixei de xogar ao fútbol por culpa diso. Como por exemplo: ‘eres un homiño’ ‘justanche as mulleres’, te marjinan... e iso a min sentoume bastante mal a nivel persoal e deportivo. Deixei de xogar ao fútbol, que era unha das actividades que mais me gustaban” (MF, alumna facultade, 22 anos).

Ademais son numerosos os comentarios que tratan de reforzar a idea de debilidade feminina, baseándose na idea de inferioridade física. Son os discursos que categorizamos como “as mulleres, o sexo débil”:

“Deja que ya saco yo, que no tienes fuerza” (compañeiro equipo de fútbol sala, 13 anos).

“¿Tú juegas a hockey? ¿Siendo chica? Y encima tan delgada, seguro que no tienes fuerza” (compañeiro de clase, 4º ESO).

A veces reforzado por profesores: *“A por las chicas que es más fácil”* (profesor P. Facultade).

O feito de ser superado no terreo deportivo por unha muller é considerado por algunhas persoas como unha humillación. Dentro da categoría que denominamos “Masculinidade ameazada” entran diferentes tipos de frases:

“Deixástedes que me marcara gol unha muller” (porteiro chorando, 9 anos).

“¿Cómo te puede quitar el balón una chica?” (pai, espectador partido de fútbol, 11-12 anos).

Varias veces atopamos, e en diferentes deportes, o caso de adestradores que cando as rapazas gañan, increpan aos rapaces minusvalorándoas a elas:

“Me daría vergüenza que me ganara una chica” (adestrador salvamento).

“Cómo dejas que te gane una chica” (adestrador xudo).

Elas perciben estes comentarios como formas de desaprobación do seu mérito, chegando algunha a dicir: “me dio a entender que es un deporte de hombres y que las mujeres que lo practiquen no pueden llegar al nivel de los hombres” (xudoca). Algúns adestradores chegan a ser máis explícitos á hora de non valorar os méritos femininos: “Estar convocada coa selección española non é tanto” (adestrador fútbol dirixíndose a unha xogadora) ou directamente desanimándoas se pretenden iniciar unha carreira como adestradoras.

Nesta consideración de que o deporte é algo masculino, utilizar frases que aludan ao doméstico é habitual para reforzar a idea de que as mulleres non deberían facer deporte. Acontece nun amplo número de deportes ou situacións e esta categoría bautizámola como “discursos de domesticación”:

“Vosotras a cocinar” (rival de 22 anos, partido voleibol).

“Nena pero que fas aquí? Vai para a casa fregar os pratos” (adestrador e dous rapaces equipo contrario, partido fútbol categoría infantil).

Tampouco faltan os comentarios con “connotación sexual”:

“Se quieres tocar pelotas, as miñas que as teño aquí colgadas” (espectador, 1ª división autonómica fútbol, partido de rapazas 19 anos)

“Sólo sirve el partido para alegrarnos la vista” (espectador partido voleibol)

Aínda que é a categoría con menos frases, tamén atopamos casos de violencia totalmente explícita, o que categorizamos como “incitación á violencia física”:

“Vamos que es una mujer, tumbala y tírate encima” (espectador 45-55 anos, partido de fútbol rexional mixto, categoría cadete).

“Partídelles las pernas a esa” (nai dun xogador, partido fútbol mixto, participantes de 10 anos)

Moitas deportistas van desenvolvendo estratexias para que este tipo de comentarios non lles afecten ou defenderse. “Pouco a pouco fun pasando e facéndome forte” (xogadora fútbol, 19

anos), “Por eso tú no juegas, me levanté y me fui” (deportista ante o comentario dun médico: “Esto te pasa porque las mujeres no deberían jugar al fútbol”).

6. – Conclusións

Confírmase que a linguaxe é no mundo do deporte unha forma clara de violencia simbólica que perpetúa un sistema deportivo androcéntrico e machista. Aínda que a maioría das alumnas interrogadas teñen conciencia de recibir frases machistas ao longo da súa carreira deportiva, outras, inicialmente, non son conscientes nin da súa existencia, nin da súa importancia. Algunhas recoñecen que elas mesmas fan uso desa linguaxe, o que refuta as teorías de Bordieu e Simone de Beauvoir. Por outra banda, as deportistas van desenvolvendo estratexias para convivir con este tipo de mensaxes que reciben ao longo da súa vida.

Os deportes considerados “apropiadamente femininos” serán para os que as mulleres non reciban o tipo de frases analizadas nesta comunicación, o que non quita que non exista unha linguaxe que reforce estereotipos ou reproduza un modelo de feminidade igualmente machista, pero que para as rapazas e máis difícil de identificar.

A maioría das frases que reciben as deportistas correspóndense coas emitidas por homes, pero non existe un perfil único de persoas que utilizan este tipo de linguaxe, o que permite que se perpetúe un sistema de dominación masculina desde moitos ámbitos, incluído, nalgúns casos, o familiar.

Polo tanto, podemos afirmar que a linguaxe é un medio de violencia simbólica no deporte, que perpetúa un sistema de dominación masculina a través da transmisión dunha visión de inferioridade das mulleres, que menospreza a súa práctica, que establece que o ideal é o deporte masculino e polo tanto, ese é o modelo, non aceptando que unha muller poida ser superior a un home en situacións deportivas mixtas e non recoñecendo os seus méritos.

Bibliografía

Anderson, Eric (2005): “Orthodox and inclusive masculinity: Competing masculinities among heterosexual men in a feminized terrain” *Sociological Perspectives*, 48, 3, (337–355).

Benedict, Jeffrey e Klein, Alan (1997): “Arrest and conviction rates for athletes accused of sexual assault”. *Sociology of Sport Journal*, 14, (86-94).

Bengoechea, Mercedes (2006): “La subordinación simbólica como fuente de violencia: el lenguaje como vehículo de discriminación contra las mujeres”. *Congreso sobre violencia doméstica y de género*, Granada 23 e 24 de febreiro, <http://www.poderjudicial.es> Consultado: 20/05/2014.

Bourdieu, Pierre (1971): "Genèse et structure du champ religieux", *Revue française de sociologie*, 12, (295-334).

Bourdieu, Pierre (1977): "Sur le pouvoir symbolique", *Annales* (mayo-junio), (405-411).

Bourdieu, Pierre (1987): "The force of law –toward a sociology of the juridical field", *Hastings Law Journal* 38, 5, (805-53).

Connell, Raewyn (1995): *Masculinities*, University of California Press, Berkeley.

Crosset, Todd (2002): "Athletic affiliation and violence against women: Toward a structural prevention project", en McKay, Jim; Messner, Michael A. e Sabo, Donald (Eds.), *Masculinities, gender relations, and sport*. Thousand Oaks, CA, Sage, (147-161).

De Beauvoir, Simone (1949): *Le deuxième sexe*, Gallimard, París.

Fagan, Jeffrey (1993): "Set and setting revisited: Influences of alcohol and illicit drugs on the social context of violent events", en Martin, Susan E. (ed): *Alcohol and interpersonal violence: fostering multidisciplinary perspectives*, NIAAA Research Monograph, 24, National Institute of Alcohol Abuse and Alcoholism, Rockville, MD.

Fasting, Karin, Brackenridge, C. H., e Sundgot, J. (2000): *Sexual Harassment In and Outside Sport*, Norwegian Olympic Committee, Oslo.

Fasting, Karin, e Knorre, N. (2005): *Women in sport in the Czech Republic. The experience of female athletes*, Norwegian School of Sport Sciences e Czech Olympic Committee, Oslo, Noruega, Praga e Republica Checa.

Hennig, Jana; Craggs, Sarah; Larsson, Fred e Laczko, Frank (2006): *Trafficking in Human Beings and the 2006 World Cup in Germany*, International Organization for Migration, Xenebra.

Jasinski, Jana L. (2001): "Theoretical explanations for violence against women", en Renzetti, Claire M.; Jeffrey L. Edleson. e Raquel K. Bergen (Eds.) *Sourcebook on violence against women*. Thousand Oaks, CA. Sage (5 – 21).

Kirby, Sandra L., e Winthrop, Glen (2002): "Running the gauntlet: An examination of initiation/hazing and sexual abuse in sport", *Journal of Sexual Aggression*, 8, 2, (49-68).

Messner, Michael e Sabo, Donald (1994): *Sport, men and the gender order, Critical feminist perspectives*, Human Kinetics, Champaign, IL.

Messner, Michael (1992): *Power at Play: Sports and the Problem of Masculinity*, Beacon, Boston.

Messner, Michael (2002): *Taking the Field: Women, Men and Sports*, MN, University of Minnesota Press, Minneapolis.

Muir, Kenneth, e Seitz, Trina (2004): "Machismo, Misogyny, and Homophobia in a Male Athletic Subculture: A Participant-Observation Study of Deviant Rituals in Collegiate Rugby", *Deviant Behaviour* 25, (303–327).

Nelson, Mariah (1994): *The stronger women get, the more men love football: Sexism and the American culture of sport*, Harcourt Brace, Nova Iorque.

Palmer, Catherine e Thompson, Kirrilly (2007): "The paradoxes of football spectatorship: on field and on line expressions of social capital among the 'Grog Squad'" *Sociology of Sport Journal*, 24, (187-205).

Rubin, Herbert J. e Rubin, Irene S. (1995): *Qualitative interviewing. The art of hearing data*, Sage, Thousand Oaks, CA.

Safai, Parissa (2002): "Boys behaving badly: Popular literature on the mis/behaviour of male team sport athletes in North America", *International Review for the Sociology of Sport*, 37, 10, (97- 102).

Smith, Dave e Stewart, Sally (2003): "Sexual aggression and sports participation", *Journal of Sport Behaviour*, 26, 4, (384-395).

The Future Group (2007) *Faster, Higher, Stronger: Preventing Human Trafficking at the 2010 Olympics*. [online] <http://faculty.law.ubc.ca/perin/pdf/Report%20on%202010%20Olympics%20and%20Human%20Trafficking.pdf>>. Consultado: 23/05 /2014)

Volkwein, Karin A. E.; Schnell, Frauke, I.; Sherwood, Dennis e Livezey, Anne. (1997): "Sexual Harassment in Sport Perceptions and Experiences of American Female Student-Athletes", *International Review of Sociology of Sport*, 32, 3, (283-295).

Waterhouse-Watson, Deb (2007): "All women are sluts: Australian Rules football and representations of the feminine", *Australian Feminist Law Journal*, 27, (155-62).

Waterhouse-Watson, Deb (2009): "Playing defence in a sexual assault 'trial by media': The male footballer's imaginary body". *Australian Feminist Law Journal*, 30, (109-29).

Waterhouse-Watson, Deb (2010): "Narrative immunity: Australian footballers' defence in sexual assault 'Trial by Media'". *Good Sex, Bad Sex*, Interdisciplinary Net, Budapest.

Wheaton, Belinda (2000): "New lads?' Masculinities and the 'new sport' participant", *Men and Masculinities*, 2, 94, (434-456).